

Sumario | nº24 – Febreiro 2023


EDIUS NOVAS

Arranca o segundo período de matriculación para iniciar estudos de doutoramento con case 400 prazas



OPINIÓN

Investigación, formación, ética e sociedade



EDIUS NOVAS

33 estudantes da USC, entre os beneficiarios das axudas do Programa FPU



Falan  
*@s beneficiari@s*  
do Programa FPU



3MT@



O *pitch* como ferramenta para unha comunicación científica máis eficaz



OPINIÓN

Un antes e un despois



EDIUS NOVAS

A USC, primeira universidade de Galicia que ofrece recompensas por reciclar



EDIUS NOVAS

Viabilidade ambiental da Economía Circular no sector primario galego



EDIUS NOVAS

Investigadores da USC denuncian en *Science* os perigos da contaminación lumínica



EDIUS NOVAS

Ferramentas e habilidades para que o profesorado da EDIUS mellore a xestión de equipos e a relación co alumnado



ENTREVISTA

Sandra Rodríguez Couso

«O traballo en equipo constitúe unha competencia esencial para calquera ámbito profesional, incluído o investigador»



EDIUS NOVAS

## Arranca o segundo período de matriculación para iniciar estudos de doutoramento con case 400 prazas

Este mes de febreiro comeza o prazo do segundo período de matriculación para o inicio de estudos do programa de doutoramento da USC.

Son un total de 398 prazas correspondentes a 51 PD da EDIUS que aínda teñen prazas dispoñibles. O programa de doutoramento con máis prazas vacantes é o de Ciencia e Tecnoloxía Química (25), seguido polos de Medio Ambiente e Recursos Naturais (19) e o de Medicina Molecular (17).

Para iniciar os trámites deste segundo período de matriculación, estas son as datas que os/as interesados/as deberán ter en conta:

Segundo período de matriculación para estudos de doutoramento	Solicitud de admisión 2º período	1 - 7 febreiro 2023
	Publicación relacións provisorias 2º período	14 febreiro 2023
	Reclamación relacións provisorias 2º período	15 - 20 febreiro 2023
	Publicación relacións definitivas 2º período	24 febreiro 2023
	2º período de matriculación	25 de febreiro - 3 de marzo 2023

A solicitude de novas admisións en programas de doutoramento realízase a través da **Secretaría Virtual**. O alumnado cumprimentará os datos persoais e de acceso requiridos na solicitude de admisión, incluíndo na mesma o documento de identidade e copia da titulación de acceso e, de ser o caso, xuntará os documentos adicionais e específicos que se lle esixan por parte do programa de doutoramento no que solicita a admisión.

Así mesmo, cumprimentará na solicitude de admisión un formulario no que realizará unha declaración xurada de que posúe os requisitos de acceso aos estudos de doutoramento. Non é necesario que se acheguen os documentos orixinais nese momento, podendo facelo en calquera outro momento do proceso de matrícula.

Unha vez matriculado, o alumnado deberá acreditar documentalmente na Sección de Posgrao e Terceiro Ciclo a titulación de acceso indicada na solicitude de admisión, mediante certificación oficial orixinal ou

[↩ Ir ao sumario](#)

compulsada polo organismo expedidor; agás os que indicaran titulacións de acceso ao doutoramento obtidas nesta Universidade.

Calquera omisión ou falsidade na declaración dos datos da titulación de acceso ou do expediente académico que induza a facer unha valoración de expediente incorrecta, poderá dar lugar á anulación da matrícula, unha vez formalizada a mesma e tras a revisión da documentación académica de acceso achegada polo/a interesado/a no órgano correspondente.

A matrícula considerarase definitiva, unha vez comprobado que se reúnen os requisitos de acceso e a veracidade dos documentos declarados.

## SELECCIÓN

As Comisións Académicas dos Programas de Doutoramento realizarán a selección do alumnado e publicarán as listaxes provisionais e definitivas de admitidos e excluídos, de acordo cos criterios de selección establecidos no programa, na Sede Electrónica da USC e na Secretaría Virtual do solicitante.

Contra esta resolución o alumnado poderá presentar unha reclamación perante as Comisións Académicas no prazo establecido na Convocatoria xeral de matrícula.

Con carácter xeral, para o acceso a un programa oficial de doutoramento será necesario estar en posesión dos títulos oficiais españois de Grao, ou equivalente, e de mestrado universitario, ou equivalente, sempre que se superasen, polo menos, 300 créditos ECTS no conxunto destas dúas ensinanza.

Ademais, existen outras posibilidades que permiten o acceso aos estudos oficiais de doutoramento, que están reguladas no [artigo 6](#) do RD 99/2011.

A matrícula dos programas de doutoramento incluírá tanto a tutela académica como outros aspectos organizados de formación investigadora que comprenderán tanto a formación transversal como a específica no ámbito de cada programa.

A matrícula destes créditos transversais formalizarase xunto coa matrícula de tutela académica ou en calquera momento do curso académico a través da [Secretaría Virtual](#), unha vez autorizada e verificados os créditos.

**CONVOCATORIA DE ADMISIÓN DOUTORAMENTO - CURSO 2022/23 - FEBREIRO 2023**

<b>Cód. Estudo</b>	<b>Programa de Doutoramento</b>	<b>Prazas a ofertar</b>
<b>E1113V01</b>	Agricultura e Medio Ambiente para o Desenvolvemento	3
<b>E3101V01</b>	Análise Económica e Estratexia Empresarial	10
<b>E2011V01</b>	Avances e Novas Estratexias en Ciencias Forenses	7
<b>E1011V01</b>	Avances en Bioloxía Microbiana e Parasitaria	8
<b>E1021V01</b>	Biodiversidade e Conservación do Medio Natural	5
<b>E1041V01</b>	Ciencia de Materiais	9
<b>E1031V01</b>	Ciencia e Tecnoloxía Química	25
<b>E2132V01</b>	Ciencias da Visión	5
<b>E1121V01</b>	Ciencias Mariñas, Tecnoloxía e Xestión	8
<b>E3131V01</b>	Ciencias Sociais e Envellecemento	1
<b>E3021V01</b>	Comunicación e Información Contemporánea	3
<b>E3111V01</b>	Desenvolvemento Psicolóxico, Aprendizaxe e Saúde	10
<b>E3041V01</b>	Desenvolvemento Rexional e Integración Económica	5
<b>E3051V01</b>	Economía e Empresa	4
<b>E2031V01</b>	Endocrinoloxía	2
<b>E1051V01</b>	Energías Renovables e Sustentabilidade Enerxética	9
<b>E4011V01</b>	Enxeñaría para o Desenvolvemento Rural e Civil	12
<b>E4021V01</b>	Enxeñaría Química e Ambiental	9
<b>E4051V01</b>	Enxeñaría Termodinámica de Fluídos	2
<b>E2041V01</b>	Epidemioloxía e Saúde Pública	7
<b>E3071V01</b>	Equidade e Inovación en Educación	2
<b>E1061V01</b>	Estatística e Investigación Operativa	7
<b>E5101V01</b>	Estudos Culturais: Memoria, Identidade, Territorio e Linguaxe	4
<b>E5011V01</b>	Estudos da Literatura e da Cultura	6
<b>E5021V01</b>	Estudos Ingleses Avanzados: Linguística, Literatura e da Cultura	11
<b>E5031V01</b>	Estudos Medievais	5

 [Ir ao sumario](#)

**CONVOCATORIA DE ADMISIÓN DOUTORAMENTO - CURSO 2022/23 - FEBREIRO 2023**

<b>Cód. Estudo</b>	<b>Programa de Doutoramento</b>	<b>Prazas a ofertar</b>
<b>E5041V01</b>	Filosofía	1
<b>E1071V01</b>	Física Nuclear y de partículas	21
<b>E5051V01</b>	Historia Contemporánea	12
<b>E5061V01</b>	Historia, Xeografía e Historia da Arte	10
<b>E2051V01</b>	Innovacion en Seguridade e Tecnoloxías Alimentarias	14
<b>E4031V01</b>	Investigación Agraria e Forestal	15
<b>E2061V01</b>	Investigación Básica e Aplicada en Ciencias Veterinarias	9
<b>E2071V01</b>	Investigación e Desenvolvemento de Medicamentos	16
<b>E4041V01</b>	Investigación en Tecnoloxías da Información	6
<b>E1081V01</b>	Láser, Fotónica e Visión	6
<b>E5071V01</b>	Lingüística	7
<b>E5081V01</b>	Lóxica e Filosofía da Ciencia	5
<b>E3081V01</b>	Marketing Político, Actores e Institucións nas Sociedades Contemporáneas	13
<b>E1091V01</b>	Matemáticas	2
<b>E1131V01</b>	Matemáticas e Aplicacións	5
<b>E2091V01</b>	Medicina e Sanidade Veterinaria	6
<b>E2101V01</b>	Medicina Molecular	17
<b>E1101V01</b>	Medio Ambiente e Recursos Naturais	19
<b>E4061V01</b>	Métodos Matemáticos e Simulación Numérica en Enxeñaría e Ciencias Aplicadas	8
<b>E2111V01</b>	Neurociencia e Psicoloxía Clínica	8
<b>E3091V01</b>	Procesos Psicolóxicos e Comportamento Social	7
<b>E3011V01</b>	Psicoloxía do Traballo e as Organizacións, Xurídica-Forense e do Consumidor e Usuario	10
<b>E3141V01</b>	Relación Laborais e Recursos Humanos	5
<b>E5091V01</b>	Textos da Antigüidade Clásica e a súa Pervivencia	4
<b>E3121V01</b>	Turismo	6
<b>E4071V01</b>	Xestión Sustentable da Terra e do Territorio	8

 [Ir ao sumario](#)



**María Jesús  
Taberero Duque**

Coordinadora do  
PD Avances e Novas  
Estratexias en  
Ciencias Forenses

*«Debemos ser capaces de transmitir a necesidade de rigor e ética na difusión dos resultados da investigación»*

OPINIÓN

## Investigación, formación, ética e sociedade

A formación que ofrecen os PD é moito máis ampla do que ás veces se supón inicialmente e inclúe moitas facetas. Non é só iniciación na investigación, senón tamén na responsabilidade profesional e social. Por iso hai que prestar atención a aspectos importantes que en ocasións quedan relegados a un segundo plano, cando realmente son a base da aprendizaxe dos/as estudantes.

A investigación supón un avance común para toda a sociedade. Pero non pode haber progreso sen respecto polos valores e comportamentos éticos, que definen a aqueles que realmente queren desenvolver a súa función investigadora con responsabilidade e coherencia. Estes valores tamén son esenciais nun contexto profesional como o noso, a pericia forense, onde os resultados obtidos teñen un impacto tan importante na vida das persoas implicadas.

Os nosos estudantes de PD reciben ensinanzas específicas no ámbito do coñecemento no que se enmarca o seu traballo: Xenética Forense, Toxicoloxía Forense e avances en Medicina Legal e Criminoloxía. Pero tamén reciben, e non é menos importante, formación sobre aspectos transversais e básicos para todo investigador ou investigadora: a ética da investigación é un aspecto fundamental que se aprende dende o inicio da carreira investigadora. O coñecemento, a transparencia, a validación adecuada e o rigor científico dos estudos deben incorporarse como obxectivos esenciais nestes primeiros anos de aprendizaxe.

O noso exemplo como titores/as e investigadores/as é parte fundamental da formación do alumnado que se está iniciando na investigación. Os seus primeiros traballos, comunicacións e publicacións deben ser supervisados e situados no contexto axeitado, reflectindo os seus obxectivos, os seus logros, o seu progreso e o traballo feito. Debemos ser capaces de transmitir a necesidade de rigor e ética na difusión dos resultados da investigación. É a nosa obriga compartir e devolverlle á sociedade os resultados do noso traballo. Estes primeiros pasos na súa traxectoria investigadora marcarán a súa futura conduta, coa necesaria profesionalidade da que todos/as poderemos sentirnos orgullosos/as.

EDIUS NOVAS

## 33 estudantes da USC, entre os beneficiarios das axudas do Programa FPU

O Programa FPU –Formación de Profesorado Universitario– é un proxecto anual do Ministerio de Educación que ten como misión a formación docente e investigadora no marco do estatuto do persoal investigador. O seu obxectivo é axudar á formación de futuras persoas doutoras de universidade. Para iso, o programa axuda aos graduados de universidade sobre a base dunha serie de criterios (mellores expedientes, interese do proxecto de tese, currículo do director/a de tese e produción do grupo investigador) a insertarse nun departamento, instituto ou outro centro de investigación para desenvolver o seu labor investigador e culminar a tese de doutoramento.

En resumo, o propósito deste programa é formar persoal investigador en programas de doutoramento, para así facilitar o proceso de obtención dun título de doutor ou doutora.

Estas axudas teñen unha duración de catro anos, salvo si é unha persoa con discapacidade en cuxo caso a axuda pode ser de seis anos.

Anualmente convócanse arredor de 900 prazas. Nesta última convocatoria, foron benefi-

ciarios do programa 33 estudantes da USC, 15 da Universidade de Vigo e outros 15 da Universidade da Coruña.

O programa axuda economicamente aos futuros doutores e doutoras para poder realizar a súa investigación, aínda que estes non poden compatibilizar o seu traballo con outra actividade remunerada.

### NOVAS AXUDAS PARA A FORMACIÓN DE PROFESORADO UNIVERSITARIO 2022

O 17 de xaneiro abriuse o prazo para presentar convocatorias para estas axudas. As persoas interesadas poderán presentar as súas solicitudes até o 15 de febreiro.

O importe mensual será de 1.230,08 euros mensuais o primeiro ano, 1.317,95€ mensuais o segundo e 1.647,44€ mensuais o terceiro e cuarto ano. Cada ano abonaranse 12 mensualidades e dúas pagas extraordinarias.

As persoas interesadas en optar a estas bolsas e axudas para investigar teñen máis información [nesta ligazón](#).

 [Ir ao sumario](#)

---

# Falan *@s beneficiari@s* do Programa FPU

---

Contactamos con algunhas das **persoas doutorandas da USC** que se van beneficiar deste **programa de axudas** e isto nos contaron.



**Falan @s beneficiari@s do Programa FPU**

**1. Como beneficiario/a do programa, cales son as túas expectativas?**

**2. Como ves o panorama da investigación en Galicia?**



**SERGIO  
SILVA BEA**  
Microbioloxía

1. É unha axuda bastante difícil de conseguir, non só pola nota media que che esixen na primeira parte, senón tamén pola segunda parte onde es avaliado pola ANECA. Despois de pasar tanto tempo agardando pola axuda, e despois de tantos requisitos e burocracia, espero que esta axuda me facilite non só a rematar a tese, senón tamén de cara á traxectoria posdoutoral para acadar nun futuro a estabilización investigadora.
2. No meu ámbito, que é a microbioloxía, creo que Galicia ten unha investigación moi potente. Por exemplo, á parte da investigación que se fai na USC, na Coruña concédense proxectos de millóns de euros para estudar a microbiota intestinal e, en Vigo, foron pioneiros a nivel estatal no cribado poboacional co pooling na pandemia COVID-19. Creo que como microbiólogo investigador encóntrome nun entorno con moita ambición e cun futuro prometedor.



**CELIA  
VILA FERNÁNDEZ**  
Historia da Arte

1. Como beneficiaria do programa no meu primeiro ano de doutoramento, este contrato predoutoral proporcionóme a estabilidade necesaria para poder levar a cabo a miña tese. Así mesmo, ofréceme a oportunidade de iniciar a miña carreira, grazas á experiencia docente e investigadora que agardo obter ao longo dos próximos catro anos.
2. Actualmente, o panorama da investigación en Galicia preséntaseme como incerto, e aínda máis tendo en conta que o meu ámbito de estudo son as Humanidades, e en concreto o patrimonio en Galicia. Penso que é importante que se leven a cabo máis estudos neste ámbito e así pór en valor o noso, para o que resulta imprescindible que se destinen máis recursos con esta fin.

**Falan @s beneficiari@s do Programa FPU**

**1. Como beneficiario/a do programa, cales son as túas expectativas?**

**2. Como ves o panorama da investigación en Galicia?**



**AROA  
FERRER PINÓS**

Bioquímica e Ciencias Biomédicas

1. No meu caso, a obtención da FPU abre a porta a catro anos de traballo na investigación científica a través da miña tese de doutoramento. Deste tempo agardo aprender moito sobre técnicas diversas e poder chegar o meu gran de area á ciencia e ao meu laboratorio. Ademais, gustaríame que supuxese un trampolín para o resto da miña carreira, permitíndome algún día liderar o meu propio laboratorio e dedicarme ao ensino na universidade.
2. Esperanzador. Desde o meu punto de vista, tras a pandemia, a investigación aumentou a súa importancia e presenza na sociedade española, o cal permite avances máis rápidos e maior investimento público e privado. Concretamente en Galicia, están a mellorarse as condicións dos investigadores e investigadoras, por exemplo coa bolsa predoutoral da Xunta, actualmente con mellores prestacións que a FPU. Eu son de fóra, e vinme a Galicia porque os grupos de investigación, os centros científicos e as oportunidades laborais, permitíronme atopar aquí o que non puideren conseguir noutros lugares de España.



**JORGE  
FERNÁNDEZ AVILÉS**


Humanidades

1. En primeiro lugar, síntome tremendamente agradecido de ser beneficiario desta axuda e agardo nutrirme ao máximo dunha oportunidade tan valiosa. Así mesmo, desexo formarme como docente universitario, pois creo que a ensinanza é unha parte fundamental do meu desenvolvemento como doutor. Ademais, é a miña intención aprender de profesionais altamente experimentados/as como as miñas mentoras até a momento, e participar de forma activa en eventos de divulgación científica onde agardo compartir a miña investigación.
2. Aínda non tiven a oportunidade de coñecer a fondo o panorama investigador que me rodea, pero até o momento a miña impresión foi moi positiva. Vexo que se aposta por unha investigación ecléctica, dinámica e interdisciplinar. Considero que isto é sumamente valioso xa que investigar nunha realidade tan complexa require dunha multiplicidade de puntos de vista. Aínda así, creo que é preciso prestar atención a liñas de investigación emerxentes en humanidades que non gozan de financiamento suficiente para poder desenvolverse.

**Falan @s beneficiari@s do Programa FPU**

**1. Como beneficiario/a do programa, cales son as túas expectativas?**

**2. Como ves o panorama da investigación en Galicia?**



**JUANMA  
PRIETO AROSA**

Información e Comunicación  
Contemporánea

1. Realmente teño diferentes expectativas creadas. A primeira é a miña formación ao poder realizar a tese de doutoramento dunha forma completa, o que é de agradecer nestes tempos. A segunda é a aprendizaxe que me vou levar. Non é un camiño fácil e ser beneficiario FPU non cambia ese camiño complicado. Si que o amplía e o fai desfrutar máis, pero ninguén dixo que isto fora ser fácil. Sumando ambas expectativas, sáeme unha terceira e é o que agardo eu de min e o que agardan de min. Desde a universidade, apostaron moito por min e agardo ao longo destes catro anos devolverlles tanta confianza. A miña gran expectativa é que cando acabe isto poida dicirlles a todos os que me rodean, apoian e confían: “conseguímolos”.
2. Bastante complicado. Pero sendo optimista, tamén é esperanzador. Dise que a investigación non interesa á xente máis nova e ano tras ano demóstrase que non é así. Hai que apostar moito máis, iso si. En Galicia hai grandes futuros investigadores e investigadoras, pero moitos deles/as terán que irse fóra por non ter esa oportunidade na súa terra natal. As cousas son moi complicadas en tempos como os de agora, pero o talento investigador hai que retelo e iso implica esforzos. Actualmente Galicia goza de boa saúde investigadora, pero o futuro ninguén o sabe e só agardo que a nosa comunidade siga sendo punteira cada ano na fornada de talento investigador que destaca nas universidades galegas.



**IAGO  
OTERO COTO**

Xenética

1. Este contrato permíteme dedicarme por completo a desenvolver a miña tese de doutoramento, polo que agardo que o meu traballo estea á altura do realizado polos demais investigadores e investigadoras cos que comparto profesión. A miña idea é achegar o meu pequeno gran de area para facer avanzar o coñecemento no meu campo.
2. A investigación en Galicia é de calidade, diso non hai dúbida. Aproveitamos ao máximo todos os recursos que temos ao noso alcance como por exemplo o Centro de Supercomputación de Galicia. Sendo conscientes do esforzo que require a investigación, deberíamos asegurarnos de reter todo o talento que temos en Galicia e facilitar, se fose o caso, a súa volta do estranxeiro. Neste tipo de contratos, penso que a retribución debería achegarse máis ao salario fixado para a categoría equivalente no convenio de persoal laboral.

[↩ Ir ao sumario](#)

**Falan @s beneficiari@s do Programa FPU**

**1. Como beneficiario/a do programa, cales son as túas expectativas?**


**2. Como ves o panorama da investigación en Galicia?**



**TATIANA  
GRELLA TUBÍO**

Historia da Arte

1. Despois de dous anos pelexando para conseguir un contrato predoutoral, a miña expectativa principal é poder desenvolver a miña investigación coa estabilidade que me proporciona o programa, e nun contexto no que ademais podo adquirir a experiencia docente. No meu horizonte vexo un futuro na universidade, como mestra e como investigadora, e este é o inicio do meu camiño.
2. A situación está, canto menos, tensa. Cada vez somos máis os membros do estudantado que optamos pola rama da investigación, pero non aumentan nin melloran as oportunidades de obter un contrato. A isto súmaselle a diferenza abismal que existe entre as distintas ramas de estudo, dentro das cales as Humanidades son as grandes prexudicadas e fan que, polo tanto no noso colectivo, sexa case un milagre conseguir un contrato en comparación con disciplinas consideradas máis ‘produtivas’. É momento de tornar as miras dun sistema que busca o beneficio cara o entendemento da universidade como o que é: a casa do saber, da erudición e do descubrimento, sexa da índole que sexa.



**MARCOS  
ÁLVAREZ ESPÍÑO**

Economía Financeira  
e Contabilidade

1. A miña principal expectativa é acadar a autonomía e suficiencia nunha profesión, a investigadora, que esixe moito esforzo, entrega e dedicación, ao tempo que implica renuncias ao ser un traballo eminentemente reflexivo e solitario. Aínda así, como investigador social, atopo un obxectivo suficientemente motivador: traballar a prol da felicidade, benestar e calidade de vida das persoas.
2. O traballo da persoa investigadora en España e Galicia, en particular, é complexo tendo en conta as dificultades que padecemos no colectivo (escasos recursos, inestabilidade laboral...) en relación a outros países. Penso que unha maior integración da investigación e dos estudos de doutoramento na vida social sería importante para reducir moitos dos problemas da profesión. Así, polo menos no ámbito da economía e da empresa, os estudos de doutoramento apenas son valorados na actividade laboral non académica (tanto no sector público como no privado), aínda que están asociados a “habilidades brandas” como a xestión do tempo, a análise e organización de datos ou a transferencia de información que resultan fundamentais en moitos traballos.

[↩ Ir ao sumario](#)



**Falan @s beneficiari@s do Programa FPU**

**1. Como beneficiario/a do programa, cales son as túas expectativas?**

**2. Como ves o panorama da investigación en Galicia?**



**IVÁN  
ARIAS ARIAS**

Filoloxía Inglesa e Alemá

1. Como beneficiario dun contrato FPU, estou moi contento polo que isto implica para o desenvolvemento da miña carreira como investigador novel. Espero que o programa me dea a oportunidade de consolidar e profundar a miña formación no ámbito da Lingüística Computacional e da Lingüística Alemá, que constitúen a miña área de estudo na tese. Ademais, por outra parte, experimentarei os meus primeiros pasos na docencia, e isto último é algo que me causa especial emoción. A posibilidade de colaborar e traballar en equipa con outras investigadoras e investigadores, quer noveis quer experimentadas, tamén é un factor, do meu punto de vista, moi positivo.
2. O panorama de investigación na Galiza e, en xeral, no Estado español caracterízase aínda pola súa precariedade. É certo que hai asociacións a traballar en prol de melloras e isto debe ser valorado como positivo, porque o que nós fagamos hoxe servirá (e moito!) para o persoal investigador do futuro. A pesar de tentar mostrarme optimista, preocúpame a precariedade do mundo laboral en investigación, especialmente no ámbito das humanidades. Alén diso, acho que a investigación continúa, en ocasións, moi distanciada da sociedade e da realidade cotiá. Teño claro que debemos camiñar para construír pontes máis fortes entre a sociedade e a investigación.



**YAGO  
GONZÁLEZ QUINZÁN**

Dereito


1. Espero que a concesión da FPU me permita investigar no meu tema de tese con maior profundidade, podendo acceder a todo tipo de recursos ou eventos de difusión científica, ao igual que me permita adquirir as competencias docentes básicas. En particular, dispoñer de financiación facilita en parte a posibilidade de participar en congresos ou mesmo a realización dalgunha estada, polo que é unha oportunidade única para calquera beneficiario do programa.
2. En Galicia temos un persoal investigador de referencia en cada un dos eidos científicos, ao que ademais se lle engade a súa calidade humana. Iso propicia que cada vez máis se note a transferencia de resultados das investigacións, obtendo o sector empresarial e a sociedade en xeral os moitos e importantes beneficios derivados dos avances logrados polas estruturas científicas públicas. Non obstante, a falta de oportunidades en termos económicos para o persoal investigador, especialmente para o máis novo, é unha lousa que non remata por desaparecer nesta opción profesional.

[↩ Ir ao sumario](#)

**Falan @s beneficiari@s do Programa FPU**

**1. Como beneficiario/a do programa, cales son as túas expectativas?**


**2. Como ves o panorama da investigación en Galicia?**



**SARAH VIDAL HORTA**

Teoría da Literatura e Literatura Comparada

1. Adoito ter certos problemas para responder este tipo de preguntas porque as expectativas altas moitas veces rematan por xerarme ansiedade ou frustración e penso que incluso chegan a ser contraproducentes no meu caso. Non quere dicir isto que non as teña, moi pola contra, pero procuro que sexan a curto prazo e compensadas. Por exemplo, agora que vou comezar a dar clase, as miñas expectativas xiran en torno a aprender a ser docente e de contribuír de forma positiva á formación do novo estudiantado, non só academicamente, tamén aportando unha proximidade e empatía diferente, dado que estiven sentada nesa cadeira hai poucos anos. Tamén teño moitas expectativas sobre o tema da miña tese, sobre chegar a dominar un tema que realmente me apasiona. Xa, en relación co futuro que me espera, prefiro non pensar (e menos nestes tempos), pero si que quero deixar a miña pegada dalgunha forma.
2. Non estou moi informada sobre a situación de forma obxectiva. O meu coñecemento é de primeira man e por amizades, e podo afirmar que hai unha canteira moi fértil de investigadores e investigadoras con talento e dedicación en Galicia, pero que moitas veces carecen de financiamento externo e non poden proseguir coas súas investigacións. E falo en todos os ámbitos, aínda que o que máis coñezo é o de Filoloxía. As poucas perspectivas de futuro e a dificultade do mercado laboral en xeral, contribúen a que moita xente con vocación xa nin intente esta vía profesional.



**ALEJANDRO DOVAL CASAS**

Física

1. Polo de agora, as miñas expectativas consisten en procurar sacar adiante a tese o mellor que poida, formándome á vez como investigador e como docente como é o obxectivo da convocatoria. Neste momento non penso moito máis alá da defensa da tese a longo prazo, pois aínda non teño claro se quero dedicarme durante toda a miña vida á investigación. Probablemente isto estea influenciado pola miña visión da situación actual do mundo académico á que se fai referencia na seguinte pregunta. Ademais, a duración superior a un ano do proceso de resolución da convocatoria de contratos FPU da que resultei beneficiario non contribúe positivamente á miña motivación para seguir investigando.
2. Non son demasiado optimista de cara ao futuro, baseándome no que vexo ao meu arredor, na situación de coñecidos que están agora na etapa posdoutoral. Son consciente de que hai oportunidades interesantes en campos emerxentes, pero tamén da dificultade actual para conseguir unha posición estable unha vez rematado o doutoramento.

[↩ Ir ao sumario](#)

**Falan @s beneficiari@s do Programa FPU**

**1. Como beneficiario/a do programa, cales son as túas expectativas?**

**2. Como ves o panorama da investigación en Galicia?**



**LAURA  
GOICOECHEA CRESPO**

Química

1. A axuda FPU é unha das máis competitivas a nivel nacional, polo que ser beneficiaria dunha delas creo que no futuro pode darme máis oportunidades. Ademais, ofrézcame a tranquilidade de poder realizar a miña tese de doutoramento de forma remunerada, xa que desgraciadamente no é así en todos os casos.
2. Eu son de Cantabria e, tras estudar noutras universidades, decidín mudarme a Galicia para realizar a miña tese polas oportunidades que ofrece. No meu caso, estou no CiQUS, centro pioneiro en investigación química en España, onde competimos a nivel internacional, polo que se se segue apostando e invertindo en investigación, o panorama é bastante prometedor.



**XABIER  
RIÁDIGOS COUSO**

Educación Social

1. A principal expectativa é realizar e defender a tese de doutoramento. Así e todo, agardo que durante este traxecto sexan outras moitas. E de entres elas, destacaría o interese en profundar nas diferentes fases que supón unha investigación deste calibre que me permita seguir adquirindo as habilidades necesarias para reflectilas no resultado final; a posibilidade de contribuír no proceso de ensinanza e aprendizaxe universitaria para enriquecer a etapa formativa do alumnado xunto co resto de colegas e o propio alumnado, posto que entendo que un/ha educador/a é “a persoa que ensina aprendendo”; ou a intención de participar en proxectos de I+D+i que dende o grupo de investigación ao que estou vencellado estea desenvolvendo, para seguir avanzando na miña formación e especialización no eido da investigación social e educativa.
2. Necesitado e desequilibrado, atreveríame a dicir. Necesitado, sobre todo, de financiamento xa que son numerosas as compañeiras e compañeiros que, ben quedan ás portas de iniciar unha tese, ou ben non chegan ao final deste camiño que en moitas ocasións convértese en hostil polas dificultades que podemos atopar, como a soidade, o estrés, as exixencias, os prazos, a falta de recursos económicos, etc. De aí a importancia de contar cunha boa rede de apoios, para primeiramente coidar da nosa saúde mental e así poder gozar desta experiencia e desenvolver as nosas investigacións coas nosas melloras galas e ferramentas. Tamén para facilitar que as persoas interesadas poidan cumprir este “desexo”. Necesitado, tamén, porque as estatísticas seguen a amosar que existe un número maioritario de persoas que realizan as súas teses sen axudas económicas e/ou vinculación laboral universitaria. Outras vense na obriga de mudar os seus plans laborais. E desequilibrado pois as disciplinas das diferentes áreas do coñecemento non acadan os mesmos orzamentos e/ou prazos para investigar. Certo é que se están a facer actuacións loables para atallar algunhas cuestións, mais os esforzos das institucións implicadas deben incrementarse para dar resposta a estas necesidades.

[↩ Ir ao sumario](#)

3MT®



## O *pitch* como ferramenta para unha comunicación científica máis eficaz

A EDIUS organiza en marzo un curso sobre técnicas e ferramentas de vídeo para as persoas interesadas en participar no concurso Teses en Tres Minutos.

PO vindeiro mes de marzo, a EDIUS organiza un curso destinado a aquelas persoas doutorandas interesadas en participar na segunda edición do Three Minute Thesis (3MT), un concurso de comunicación para investigadores e investigadoras de todas as áreas do coñecemento da USC. A formación, titulada “Three Minute Thesis: O *pitch* como ferramenta para unha comunicación científica eficaz”, impartirase entre os días 6 e 7 de marzo, en horario das 16:00 ás 20:00 horas, na Facultade de Ciencias da Comunicación de Santiago.

Trátase dun curso presencial que será impartido polos profesores Roi Méndez Fernández e Marta Rodríguez Castro. A asistencia estará

limitada a 20 persoas. Durante a formación, os doutorandos e doutorandas aprenderán a recoñecer a importancia da divulgación como parte do traballo científico, así como as estratexias para unha comunicación científica eficiente, aprendendo a adaptar os discursos máis complexos ás dinámicas do *pitch*.

Ademais, os profesores Roi Méndez e Marta Rodríguez explicarán a edición non lineal básica de vídeo e outras técnicas para importar materiais, incrustar títulos ou aplicar algúns efectos.

### PRAZO DE INSCRICIÓN

O 1 de marzo ábrese o prazo para a inscrición e envío de vídeos para participar na segunda edición deste concurso. O prazo permanecerá aberto até o 5 de maio. Nas vindeiras semanas, facilitaremos unha ligazón para poder cumprir a ficha de inscrición e subir o vídeo.

[↩ Ir ao sumario](#)



O requisito para participar nesta segunda edición do 3MT da EDIUS é estar matriculado/a nun programa de doutoramento da USC no curso 2022/2023 e non ter defendido a tese. Esta competición reta ao estudiantado de doutoramento a consolidar as súas hipóteses, obxectivos e ideas así como a validez e importancia dos resultados da súa investigación, e a presentalos de xeito claro e conciso, empregando unicamente os recursos propios da oratoria e da retórica, esenciais para as súas futuras carreiras profesionais. Unha boa construción do discurso e a súa presentación oral son a parte esencial da competición, onde a posta en escena ten que estar reducida ao mínimo.

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

A selección dos vídeos finalistas estará a cargo dun comité académico conformado por membros da EDIUS e profesorado da USC. Eles serán os encargados de escoller até un máximo de 12 vídeos, 3 por cada área de coñecemento (Artes e Humanidades; Ciencias e Enxeñarías; Ciencias da Saúde; e Ciencias Sociais) que concorrerán a unha Gran Final. Nesta ocasión, as persoas escollidas deberán facer a exposición diante dun xurado e do público asistente, respectando o tempo (3 minutos) e o guiño do traballo presentado en formato vídeo. Nesta gala serán entregados os catro Premios de Excelencia de Divulgación Científica, un por cada área. A EDIUS premiará aos doutorandos e doutorandas gañadores dos Premios de Excelencia de Divulgación Científica cun cheque por valor de 250€.

Durante a Gran Final tamén se outorgará un premio do público. Este premio entregarase ao participante máis votado polo público, excluídos os catro gañadores.

### NORMAS PARA OS VÍDEOS

- A duración do vídeo non poderá superar os 3 minutos. Os vídeos que superen esta duración serán descualificados.
- O idioma empregado no vídeo deberá ser galego, castelán, inglés ou lingua de signos.
- No *pitch* deben abordarse os seguintes aspectos da tese de doutoramento: interese e deseño da investigación, primeiros resultados e conclusións/impacto agardados.
- A persoa participante gravarase en plano medio, desde a cintura cara arriba.
- A gravación debe ser en horizontal.
- O fondo do vídeo debe ser claro e uniforme.



**Lorenzo Vaquero Otal**

Alumno Comité de  
Dirección da EDIUS de  
Ciencias e Enxeñarías

*«Facer unha  
tese require de  
moito esforzo e  
resiliencia, pois  
gran parte das  
veces as cousas  
non irán coma se  
planearon»*

OPINIÓN

## Un antes e un despois

Facer unha tese é probablemente unha das decisións máis determinantes na vida dunha persoa, pois é un proxecto moi persoal que marca un antes e un despois non só no que respecta á súa carreira profesional, senón tamén en moitos outros ámbitos da súa vida. Unha tese permite á doutoranda ou doutorando enfrontarse á fronteira do coñecemento da súa área e afondar nos temas que lle parecen máis interesantes (algo que non sempre é posible traballando na industria). E durante este tempo, ademais de adquirir coñecementos específicos da súa temática, tamén se desenvolven competencias transversais moi valiosas coma a autoorganización, o traballo en equipo ou a constancia. Mais creo que un dos aspectos máis positivos con diferenza é o elemento social, xa que comezas a moverte nun entorno multicultural, extremadamente aberto de mente e con compañeiras e compañeiros moi diversas coas que colaborar e forxar amizades.

Non obstante, hai que ter moi presente que non todo é un camiño de rosas. Facer unha tese require de moito esforzo e resiliencia, pois gran parte das veces as cousas non irán coma se planearon. Adquirir esta tolerancia ao fracaso é un proceso longo e complexo que pode pasar factura á saúde mental da doutoranda/o, o cal é moito máis común do que parece e a miúdo non recibe a atención que debería. E, lamentablemente, todo isto vese agravado polas condicións laborais das investigadoras/os, que frecuentemente distan moito do ideal. Son moitas as doutorandas e doutorandos que realizan a tese sen percibir remuneración algunha, xa que as axudas públicas dispoñibles son escasas. E aquelas que contan cun contrato seguen tendo que loitar por algúns dereitos laborais básicos. Todo isto sobrevense nunha etapa das nosas vidas na que comezamos a valorar especialmente a estabilidade e as garantías, o cal desemboca inevitablemente en frustración e unha taxa elevada de abandonos.

[↩ Ir ao sumario](#)

EDIUS NOVAS


## Viabilidade ambiental da Economía Circular no sector primario galego

«O sector primario é un dos principais sectores industriais en termos de consumo de materiais e enerxía e de emisións de gases de efecto invernadoiro»

O estudo dos impactos ambientais de diferentes estratexias de economía circular é o obxectivo da investigación desenvolvida por Antonio J. Cortés no Centro Interdisciplinario de Investigación en Tecnoloxías Ambientais (CRETUS). Concretamente, a análise centrouse na detección dos retos que deben afrontar os sectores primarios estratéxicos —agricultura, gandería e pesca—, no seu camiño cara á sustentabilidade. O traballo desenvolveuse baixo a dirección dos profesores Gumersindo Feijóo Costa e María Teresa Moreira Vilar.

A investigación, froito da súa tese de doutoramento, subliña como a humanidade debe enfrontarse ao reto de proporcionar alimentos a unha poboación en continuo crecemento mentres “loita contra os efectos do cambio climático e a degradación xeneralizada dos recursos naturais”, explica Antonio J. Cortés. De feito, tal e como apunta o investigador, todas as proxeccións indican que será necesario aumentar a produción de alimentos actual polo menos nun 70% para satisfacer a demanda de alimentos en 2050, cando a poboación mundial chegue aos 10.000 millóns de persoas.

[↗ Máis información](#)



Antonio Cortés desenvolveu a súa tese no CRETUS.

[↶ Ir ao sumario](#)

**EDIUS** **NOVAS**

## A USC recibe máis da metade das axudas para a formación de doutores/as no programa Doutoramentos Industriais

A USC acaba de resultar beneficiaria de máis da metade das axudas para a formación de doutores e doutoras, outorgadas pola Xunta, no marco do programa Doutoramentos Industriais, concedidas ás universidades galegas. En concreto, a USC recibirá nove axudas cunha dotación total de 270.000 euros, até 2025, do total de 450.000 euros destinados para o conxunto do SUG. Pola súa parte, a UDC recibirá cinco axudas (150.000 euros), mentres que á UVigo concedéuselle unha axuda (30.000 euros).

O obxectivo desta convocatoria é promover a execución de proxectos de investigación industriais definidos entre universidades, empresas e centros de innovación e tecnoloxía como base para a realización dunha tese, asumindo, polo tanto, a contratación de estudantes de doutoramento que realizarán neste marco a súa correspondente formación como investigadores.

[Máis información](#)

## O proxecto ‘Fakelocal’ analiza o impacto das noticias falsas na política local e autonómica

Identificar e clasificar os principais tópicos da desinformación e medir a súa incidencia na xestión das corporacións públicas son os obxectivos centrais do proxecto ‘Mapa de la Desinformación en las Comunidades Autónomas y Entidades Locales de España y su Ecosistema Digital (Fakelocal)’, un estudo coordinado dende a Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación da UVigo, e financiado polo Ministerio de Ciencia e Innovación, no que participa a Universidade de Santiago de Compostela.

Xosé Rúas e Ana Belén Fernández Souto lideran esta investigación que integra unha vintena de figuras expertas de diferentes ámbitos, entre as que se contan Paulo Carlos López, Alba Silva Rodríguez, Xosé López García e Isaac Maroto González, da USC, canda persoal investigador das Universidades da Coruña, Sevilla e Málaga, e integrantes da Central European University de Viena, a Università degli Studi de Milán e da Universidade do Porto.

[Máis información](#)

[↩ Ir ao sumario](#)

EDIUS NOVAS

## Investigadores da USC denuncian en *Science* os perigos da contaminación lumínica

A contaminación lumínica é un problema medioambiental ao que se debe facer fronte a través de medidas nas que a luz sexa abordada como un auténtico contaminante para o ceo nocturno, tal e como sucedeu, por exemplo, coa *Clean Air Act*, unha iniciativa lexislativa destinada a acometer a polución do aire nos Estados Unidos. Esta é unha das apreciacións realizadas polos investigadores Salvador Bará e Fabio Falchi nun [comentario difundido na revista \*Science\*](#) e no que poñen o foco na necesidade de establecer indicadores e liñas vermellas que non poidan ser cruzadas á hora de paliar este tipo de emisións contaminantes.

Os autores reflexionan arredor doutra investigación publicada no mesmo número da cabeceira que constatou como o brillo nocturno artificial da Terra estaría aumentando un 9,6% cada ano dende hai polo menos unha década. “Canto máis brillante é o ceo nocturno, máis escintilante debe ser unha estrela para ser vista polo ollo humano sen axuda”, relatan no texto o actualmente profesor xubilado da USC, Salvador Bará, e o doutorando da institución compostelá, Fabio Falchi.

[↗ Máis información](#)



[↶ Ir ao sumario](#)

A introdución da luz artificial nos ecosistemas pode tamén mudar a conducta dos animais e mesmo reducir a produción de melatonina. FOTO: Santi Alvite



**EDIUS** **NOVAS**

## A USC, primeira universidade de Galicia que ofrece recompensas por reciclar

A USC acaba de dar un novo paso no seu compromiso coa sustentabilidade ao sumarse ao Sistema de Devolución e Recompensa (SDR) de Ecoembes, que premia a reciclaxe de latas e botellas de plástico de bebidas. A institución universitaria inicia –a través da instalación de seis máquinas RECICLOS– unha experiencia piloto, pioneira nos campus de Galicia, que dará os seus primeiros pasos en Santiago de Compostela, coa intención de aplicarse en Lugo cando Ecoembes dispoña da infraestrutura adecuada na cidade.

As persoas usuarias só teñen que descargarse a app gratuíta RECICLOS, depositar todas as súas latas e botellas de plástico de bebidas na máquina e, ao rematar, escanear o QR que se lles mostrará. Ao facelo, obterán puntos, denominados RECICLOS, que poderán cambiar por distintas recompensas dispoñibles, como colaborar co Banco de Alimentos ou con Oceánidas, para axudar a conservar o fondo mariño. Deste xeito, a USC convértese na primeira universidade de Galicia en contar con este SDR, que xa suma máis de 250 máquinas por toda España, avanzando así na súa implicación coa economía circular e cun impacto positivo no medioambiente a través da reciclaxe.

Máis información [nesta ligazón](#).

[↩ Ir ao sumario](#)

## Os premios Margarita Salas recoñecen o interese medioambiental da *gridshell* feita por Pemade no Campus Terra



A tese de doutoramento “Láminas reticulares de madeira deformadas elasticamente. Do material á construción”, realizada por Antonio José Lara Bocanegra baixo a dirección de Manuel Guaita e Francisco Arriaga, acadou un accésit na última edición dos galardóns convocados polo Concello de Madrid, á que concorreron 490 candidaturas.

A *gridshell* instalada no Campus Terra da USC, a primeira do mundo realizada con madeira de eucalipto globulus responde á estrutura dunha cuberta de tipoloxía singular en forma de tecido e única en España elaborada con lámina reticulada de eucalipto. O proceso de deseño e a construción desta *gridshell*, que é resultado de tecnoloxía e I+D 100% de Galicia, centran a temática das pescudas recollidas na tese de doutoramento de Lara Bocanegra, quen previamente participou xunto con outros investigadores/as de Pemade no cálculo e desenvolvemento óptimo do empalme estrutural da madeira laminada que permite a articulación desta estrutura.

Máis información [nesta ligazón](#).

ENTREVISTA



**Sandra Rodríguez Couso**

Licenciada en Xornalismo e Diplomada en Traballo Social pola Universidade de Santiago de Compostela. Experta en educación emocional, acompañamento educativo, e procesos de participación xuvenil e educación para a cidadanía global.

A xornalista, Sandra Rodríguez Couso, imparte un curso para aprender a traballar “con xeito” en equipo.

## «O traballo en equipo constitúe unha competencia esencial para calquera ámbito profesional, incluído o investigador»

*Por segundo ano consecutivo, a EDIUS organiza un seminario sobre Team-building para que as persoas doutorandas mellorasen as súas competencias e habilidades para o traballo en equipo. Desta volta, os profesores que a imparten son Xosé Luís Pastoriza Rozas, doutor en Filosofía, e Sandra Rodríguez Couso, experta en educación emocional e procesos de participación xuvenil e educación. Con ela falamos sobre a importancia de que o persoal investigador coñeza as ferramentas axeitadas para mellorar o traballo en equipo.*

### **Por segundo ano consecutivo se repite esta formación. Faise máis por necesidade ou por demanda?**

O traballo en equipo constitúe unha competencia esencial para calquera ámbito profesional, incluído o investigador. O traballo en equipo retroalimenta e retroaliméntase da nosa capacidade para colaborar, cooperar, comunicar, escoitar, empatizar, liderar, resolver problemas creativamente, etc. Polo tanto, esta formación responde tanto a unha necesidade como a unha demanda individual e, sobre todo, social.

### **Aprender a traballar en equipo “con xeito”. A que vos referides exactamente?**

Ninguén nace aprendido para traballar en equipo. Temos experiencias de traballo en grupo máis ou menos positivas, pero trátase de conseguir a mellor eficacia, calidade e satisfacción de tal xeito que o traballo en equipo sexa unha experiencia nutritiva. Trátase, en definitiva, de facelo coas ferramentas axeitadas e abertos á aprendizaxe continua.

### **É unha eiva do noso sistema o feito de non saber traballar en equipo eficazmente?**

Cremos que si. As nosas investigadoras e investigadores de doutoramento son cada vez máis conscientes de que “se camiñas só irás máis rápido, pero se camiñas acompañado chegarás máis lonxe”. Porque a investigación en solitario está descartada nas máis das áreas de coñecemento. Pero

«As nosas investigadoras e investigadores de doutoramento son cada vez máis conscientes de que “se camiñas só irás máis rápido, pero se camiñas acompañado chegarás máis lonxe”»

a pesar das retóricas de moitos plans de estudos, apenas se dedica tempo á aprenderlles ao estudiantado as chaves para a coordinación e xestión eficaz dun equipo, como abordar a resolución creativa de problemas, como recoñecer os nosos roles e estilos de liderado, como mellorar a comunicación mutua, como reforzar as capacidades de organización, planificación e xestión do tempo e como vitaminizar a confianza persoal e grupal, a cooperación e a gratitude mutua.

### **Que técnicas e ferramentas existen para mellorar esta colaboración entre iguais?**

